

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	CIENCIAS SOCIAIS	Páx	1
Curso / Ciclo	5º Primaria		
Profesor/a	Jesús J. Silva Andrade		

CONTIDOS

(A temporalización é meramente informativa. Pode sufrir variacións)

1ª avaliación

O universo e o sistema solar

As formas de representación da Terra: mapas, planos, escalas..

O clima: tempo atmosférico, factores climáticos, zonas da Terra, climogramas.

2ª avaliación

Os climas de España e de Galicia: oceánico, continental, mediterráneo...

A poboación en Galicia, España e Europa.

A organización de España e de Galicia: Goberno de España, autonómicos, Galicia

3ª avaliación

A Unión Europea: definición, historia, dereitos e deberes.

A Idade Media: Visigodos.Al-Andalus, Camiño de Santiago...

A idade Moderna: Reis Católicos, descubrimento de América, Século de Ouro...

OBXECTIVOS

(A temporalización é meramente informativa. Pode sufrir variacións)

1ª avaliación:

-Coñecer as principais características do Sistema Solar e da Terra como planeta.

-Coñecer e interpretar mapas, planos.

-Identificar a diferenza entre tempo e clima, interpretar climogramas, coñecer as zonas climáticas da Terra.

2ª avaliación:

-Coñecer os diferentes climas de España e de Galicia.

-Coñecer os distintos tipos de poboación de España, Europa e Galicia.

-Distinguir pirámides de poboación.

-Coñecer a organización administrativa de Galicia e de España.

3ª avaliación:

-Analizar a evolución histórica desde a Idade Media ata os nosos días a nivel social,cultural, económico,político e xeográfico.

-Participar en actividades de grupo adoptando un comportamento construtivo e de respecto polos demais compañeiros e compañeiras e interiorizar as normas de funcionamento democrático no grupo escolar.

METODOLOXÍA

A metodoloxía ha de ser activa e favorecer a interacción dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.

Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

A linguaxe utilizada ha de ser clara e sinxela e a gradación das actividades fará que aparezan en último lugar as que requiren maior esforzo.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación sera:

- **Individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- **Cualitativa**, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- **Orientadora**, dado que lle achega á alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.
- **Continúa**, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases.
- **Inicial**, proporciona datos acerca do punto de partida de cada alumno, co que achega unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos.

Os instrumentos a utilizar: a observación directa do traballo diario no caderno de clase, reproducir esquemas por escrito e fichas de avaliación para comproba-la adquisición de coñecementos.